



Consello de Galiza

Bos Aires 11 de Marzo do 1956.-

Sr. D.  
César Alvajar  
78 Rue d'Assas  
PARIS 6, FRANCIA

Meu estimado Alvajar:

Hoxe interrompo o silencio pra darlle unha nova que penso terá de agradarlle. Estamos a preparare un congreso da emigración galega na América. Asociamos esta empresa -que todo fai pensare que será un acontecemento de grandes proieicións que se farán sentire na emigración e na Terra- a data do Centenario do Banquete de Conxo; aínda que, por razóns circunstanciás, non coincidira co mes, mais sí co ano.-

Esperamos que iste primeiro congreso da Galiza na América bote as bases de unha laboura común que, tirándonos do illamento, nos capacite pra empresas culturás, económicas e políticas de grande voc.-

Hai un ambiente favorable e grande entusiasmos nos Centros da mais numerosa masa de emigrados, e atópase comprensión e afán de cooperare nos elementos capacitados.-

Mui axiña lle mandarei Manifesto e Temario -que está a imprimirse- que foi redactado polo grande Lois Tobío.-

Permitome encomendarlle que Vde. faga chegar aos vascos e catalás de París ( e a quén vostede crea comenente) as informacións que lle iremos mandando encol dos preparativos e desenrolo do Congreso.-

Tamén lle prego o concurso de Vde. co aporte das iniciativas e propostas que a lectura do Temario lle suxira, ou que a Vde. se lle ocorran fóra d'il.-

Quedo á espera da súa resposta e despídome con unha forte aperta deica a ben pronto, que xa eu, ou a Comisión Organizadora voltaremos a requerir a súa valiosa axuda.-

Saúdao atentamente

Antón Alonso Ríos